

RESOLUCIÓN DO 24 DE MARZO DE 2026, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DESIGNA O TRIBUNAL QUE AVALIARÁ A PROBA EXTERNA DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE BACHAREL E BACCALAURÉAT PARA O CURSO ACADÉMICO 2025/2026.

A Resolución do 23 de marzo de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat para o curso académico 2025/2026 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento establece na súa cláusula sexta que, en exercicio das súas competencias, e de acordo co artigo 7.2 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Dirección Xeral nomeará o tribunal avaliador da proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto do Programa para o alumnado de segundo de Bacharelato que, no presente curso académico, estea cursando o currículo mixto do programa *Bachibac* establecido por Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo.

De conformidade co anteriormente exposto e, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeira- Nomear, como membros do tribunal que deberá xulgar a proba externa, as seguintes persoas:

Presidenta titular: Dona María del Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de catedráticos de ensino secundario na especialidade de Francés. DNI: ***0936**.

Vogal Secretaria titular: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6285**.

Vogal titular: Don Jacobo Lorenzo Nespereira, funcionario do corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***7840**.

Presidenta suplente: Dona María Jesús Lorenzana Lamelo, funcionaria do corpo de catedráticos de ensino secundario na especialidade de Francés. DNI: ***5745**.

Vogal Secretaria suplente: Dona Sandra Rodríguez Nieto, funcionaria do corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de Francés. DNI: ***6923**.

Vogal suplente: Don Iván García Ambrúneiras, funcionario do corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de Xeografía e Historia. DNI: ***1182**.



Segunda- A proba externa realizarase nas datas, horario e lugar de realización aos que se refire a cláusula quinta da *Resolución do 23 de marzo de 2026*.

Terceira- As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas nas cláusulas sexta, sétima e oitava da dita Resolución.

Cuarta- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.gal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,
Judith Fernández Novoa.

